



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN SOBRE O SEGUNDO DIVIDENDO DIXITAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral de Medios, Mar Sánchez Sierra, **DECLARA:**

- Que a Secretaría Xeral de Medios ten previsto formalizar coa Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, o instrumento convencional arriba referido de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 27.12.2019.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases polas que se regulará a colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia (AETG), para o desenvolvemento dun proxecto de comunicación e información sobre as redes e servizos afectados polo 2º Dividendo Dixital, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A liberación do segundo dividendo dixital supón un cambio significativo no ámbito do desenvolvemento das telecomunicacións. Neste senso a AETG ten un especial interese na liberación do segundo dividendo dixital terrestre, tendo en conta o seu obxecto social.

A AETG considera de utilidade colaborar na comunicación e na difusión da información relativa ás actuacións necesarias para a liberalización do 2º dividendo dixital nos municipios galegos, contribuíndo á adaptación da sociedade galega ao desenvolvemento tecnolóxico en materia de telecomunicacións.

A Secretaría Xeral de Medios considera conveniente aproveitar esta iniciativa da AETG para divulgar información sobre o 2º dividendo dixital no ámbito dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Existe, por tanto, un interese común entre as dúas partes por levar a cabo unha difusión o máis ampla posible sobre a liberación do 2º Dividendo Dixital, polo que se considera oportuno e beneficioso para o interese público que a AETG lle preste a súa colaboración á Secretaría Xeral de Medios, na realización destas actuacións.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, na data que figura na marxe.

